

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO de licitación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade.

1. Entidade adxudicadora: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Fomento. Nº de expediente 4.740-440.

2. Obxecto do contrato: a execución das obras do proxecto de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: cinco (5) meses. Prórroga: non procede.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 382.846,69 euros. IVE para soportar pola Administración: 80.397,80 euros. Orzamento total: 463.244,49 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE). c) Complementaria: si; por un importe do 5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE, cando a oferta adxudicada fose cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada e fose xustificada adecuadamente.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante). Teléfono: 986 81 01 48. Fax: 986 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata sete (7) días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocios. Consideraranse con sol-



vencia económica e financeira os licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato, ou documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo C-subgrupo 9-categoría 3.

b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato, executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicaranse importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato, cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato, ou documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo C-subgrupo 9-categoría 3.

8. Presentación de ofertas: prazo: rematará o vixésimo sexto (26º) día seguinte ao da última publicación deste anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 da folia de especificacións do contrato (FEC).

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 29 de agosto de 2017

O alcalde
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)
David Regades Fernández
Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: b17at9v9-yr03-gh79-u7d3-kqssq4lvt9d5

